

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 12 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública unha nova convocatoria de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para o transporte de residuos sólidos urbanos ás estacións de transferencia de residuos ou plantas de xestión.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a que corresponde o exercicio das competencias e funcións que en materia de ambiente e conservación da natureza se establecen no artigo 27, números 15º e 30º, así como no artigo 29.4º do Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Neste sentido, correspóndelle a autorización, vixilancia, inspección e sanción das actividades de produción e xestión de residuos no marco dos plans autonómicos de residuos, tal como se preceptúa no artigo 4.2º da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

Pola súa banda, os concellos son competentes para a xestión dos residuos, nos termos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e demais normativa de aplicación.

De acordo co sinalado, e tal como se preceptúa no artigo 4.3º da mencionada Lei básica de residuos en relación co artigo 3 desta mesma disposición normativa, correspóndelles aos concellos, como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e, polo menos, a eliminación dos residuos.

Tanto a Estratexia galega de xestión de residuos como o Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia establecen como opcións prioritarias para a xestión dos residuos xerados a recollida selectiva e a valorización fronte á eliminación.

Nesta dirección se encamiñan as actuacións que se veñen desenvolvendo desde a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en materia de xestión de residuos. En particular, con ese obxectivo a Xunta de Galicia puxo á disposición dos concellos o Complexo Medioambiental de Cerceda, xestionado por Sogama, e unha rede de estacións de transferencia que ten por finalidade abaratar os custos de transporte que teñen que sufragar os concellos.

Acontece que nestes intres a rede de estacións de transferencias previstas non está completada e isto determina que os concellos teñan que soportar uns custos de transporte superiores aos que as súas economías lles permiten, polo que a execución do Plan de xestión de residuos de Galicia podería experimentar atrasos.

Un dos principios que rexen a Estratexia galega de xestión de residuos é o de subsidiariedade. Segundo

este principio a Xunta de Galicia actuará nos ámbitos que non sexan da súa exclusiva competencia na medida en que os obxectivos da acción pretendida non poidan ser alcanzados de maneira suficiente polos axentes directamente involucrados.

Deste xeito, á vista da boa acollida e dos resultados positivos que estas axudas teñen significado para unha adecuada xestión dos RSU na nosa comunidade autónoma, considérase axeitado dar continuidade a estas subvencións mediante a publicación destas bases reguladoras e dunha nova convocatoria que abranguería o período que vai desde o 1 de novembro de 2008 ata o 31 de outubro de 2009, destinada a permitir a participación nestas axudas de todos aqueles concellos, mancomunidades ou agrupacións de municipios legalmente constituídos da Comunidade Autónoma de Galicia que así o soliciten.

Por todo isto, en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e destinatarios.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas, consonte os principios de publicidade, concorrência e obxectividade, para o transporte de residuos sólidos urbanos de bolsa negra ata as estacións de transferencia ou plantas de xestión máis próximas, destinadas a concellos, mancomunidades e outras agrupacións de municipios legalmente constituídos, da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, procédese mediante esta orde a facer pública unha nova convocatoria destas axudas destinadas a aquelas entidades que, cumprindo o establecido no parágrafo anterior, así o soliciten.

3. Non poderán ter a condición de beneficiarias das axudas previstas nesta orde as entidades municipais en que se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2º.-*Conceptos subvencionables e requisitos para a concesión.*

Serán obxecto da axuda os custos derivados do transporte de residuos sólidos urbanos de bolsa negra desde os concellos ata a estación de transferencia ou planta de xestión máis próxima, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) A estación de transferencia ou planta de xestión máis próxima deberá estar afastada máis de 25 quilómetros da casa do concello. O cómputo desta distancia non poderá ser o resultado de sumar aos quilómetros de ida os de volta. Este requisito determinará que a solicitude presentada pola entidade local sexa admitida ou non.

No obstante o anterior, unha vez admitida a solicitude, debe significarse que para o cómputo dos quiló-

metros subvencionables se terá en conta a distancia existente, tanto de ida como de volta, desde a parroquia máis afastada da planta de transferencia que lle corresponda á entidade local solicitante. Para estes efectos só se subvencionarán os quilómetros que resulten a partir do quilómetro 26.

No caso de mancomunidades e agrupacións de municipios legalmente constituídos, só se poderá solicitar a axuda correspondente para os concellos que cumpran tal condición.

Cando o concello pase a dispor dunha estación de transferencia ou planta de xestión a unha distancia igual ou inferior á indicada no parágrafo anterior, deixará de beneficiarse das axudas dispostas nesta orde a partir do momento en que comece a facer entrega dos seus residuos na nova planta.

b) Ter subscrito contrato coa Sociedade Galega do Medio Ambiente ou con outro xestor final de residuos de Galicia para a xestión dos residuos sólidos urbanos de bolsa negra producidos no concello.

Artigo 3º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes irán dirixidas ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e deberán ser presentadas no modelo de solicitude normalizada, segundo o anexo I desta orde. Sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as solicitudes de axuda poderán ser presentadas na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nas delegacións provinciais ou nos servizos centrais.

No caso de mancomunidades ou agrupacións de municipios legalmente constituídos, as solicitudes presentaranse nunha petición única cursada polo seu representante legal ou ben pola persoa designada como representante dela.

2. As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Xunto co modelo de solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Certificado do acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo cal se aproba a súa participación nesta convocatoria de axuda.

b) Fotocopia compulsada do contrato subscrito coa Sociedade Galega do Medio Ambiente ou con outro xestor final de residuos de Galicia para a xestión dos residuos sólidos urbanos de bolsa negra producidos no concello.

c) Certificación do secretario da entidade local, co visto e prace do presidente, en que se faga constar a poboación de dereito a día 1 do primeiro mes subvencionable, segundo os datos do último padrón de habitantes da entidade local. Para a convocatoria que se

abre por medio desta orde este certificado deberá ir referido ao 1 de novembro de 2008.

d) Certificación en que se sinala cal é a parroquia do concello máis afastada da estación de transferencia ou planta de xestión que lle corresponda.

e) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo fin ante outras administracións públicas competentes ou entes públicos (anexo II desta orde).

4. Unha vez presentada a solicitude revisarase a súa documentación e se esta no reunise os requisitos exixidos requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que se non o fixese se podera considerar desistido da súa petición, que será arquivada sen máis trámites, de acordo co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-*Criterios de admisión.*

Serán tidas en conta todas as solicitudes de concesión de axuda que se formulen ao abeiro desta orde e cumpran cos requisitos dispostos no seu artigo 2º.

Artigo 5º.-*Resolución da convocatoria.*

1. Presentada a solicitude xunto coa documentación correspondente, procederase á súa valoración e á formulación dunha proposta de resolución por unha comisión de avaliación constituída pola subdirectora xeral de Calidade Ambiental, o xefe do Servizo de Control da Xestión de Residuos e o xefe do Servizo de Fomento da Calidade Ambiental.

2. A resolución da concesión será ditada polo conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nun prazo de tres meses a partir da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Transcorrido o prazo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, conforme prevé o artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 42º e 44º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O outorgamento da axuda deberá ser aceptado no prazo de dez días. Transcorrido este sen que se producese manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a el poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado.

Nos supostos de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade personal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

Artigo 6º.-*Recursos.*

A resolución da axuda porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpor consonte dispoñen os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou desde o prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, ou de seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo.

Artigo 7º.-*Período subvencionable e contía das axudas.*

1. O período subvencionable para a convocatoria que se abre por medio desta orde abranguerá os gastos de transporte desde 1 de novembro de 2008 ata o 31 de outubro de 2009, ambos inclusive.

2. A contía da axuda que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible outorgará a cada concello calcularase en función da estimación dos residuos sólidos urbanos de bolsa negra producidos por cada concello.

Para o cálculo desta estimación deberase ter en conta o coeficiente de 0,66 quilogramos/habitante/día asignado aos concellos considerados rurais e de 0,99 quilogramos/habitante/día para os concellos semiurbanos.

Polo tanto, a estimación dos residuos producidos por cada concello será o resultado de multiplicar o número de habitantes polo coeficiente correspondente de 0,66 ou 0,99.

A contía da axuda que se aboará será como máximo de 0,16 euros/tonelada/kilómetro subvencionable en función do número de solicitudes que resulten beneficiarias e do crédito orzamentario establecido nesta orde.

Artigo 8º.-*Publicidade das axudas.*

1. Coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación do *Diario Oficial de Galicia* as axudas outorgadas, expresando a convocatoria, pro-

grama e crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, número 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, expresando así mesmo a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputen e a finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus dereitos no suposto previsto na letra d) do número 2 do devandito artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. De conformidade co artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán dar publicidade da subvención concedida en toda actividade relacionada co obxecto da subvención.

Artigo 9º.-*Pagos.*

1. O pagamento da axuda realizarase en dous prazos: o primeiro deles irá referido ao período que vai desde o 1 de novembro de 2008 ata o 30 de abril de 2009; o segundo abranguerá desde o 1 de maio ata o 31 de outubro de 2009.

2. Estes pagos efectuaranse logo da recepción nesta consellería dos certificados expedidos pola Sociedade Galega do Medio Ambiente ou xestor final de residuos autorizado en que se faga constar:

a) A cantidade de residuos entregados pola entidade local correspondente nas súas instalacións no período a que se refire o pagamento.

b) Que a entidade local beneficiaria non ten, no momento da expedición do oportuno certificado, pendentes de pagamento débedas vencibles e exhibibles contraídas coa Sociedade Galega do Medio Ambiente ou xestor final autorizado pola xestión dos residuos sólidos urbanos de bolsa negra entregados nas súas instalacións.

3. A sinatura da solicitude presentada ao abeiro desta orde autoriza a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a obter da Sociedade Galega do Medio Ambiente ou xestor final de residuos os datos necesarios para o cálculo e pagamento da axuda que finalmente corresponda.

4. No momento de realizarse o primeiro pagamento será preciso ter subscrito convenio coa Xunta de Galicia para a implantación da recollida selectiva de envases lixeiros e vidro.

5. Segundo o establecido no parágrafo 4 do artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, antes do último pagamento o peticionario presentará unha declaración complementaria da inicial do conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto destas subvencións, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou entes públicos.

Artigo 10º.-Alteracións das condicións da subvención.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas concedidas por calquera outra administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da axuda. Para estes efectos dictarase a oportuna resolución de liquidación, en que se reaxustarán os importes da axuda concedida, o que poderá supoñer, nos casos en que así procedese, a devolución dos importes recibidos en exceso.

Artigo 11º.-Incumprimento e procedemento de reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de demora xerados, desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas á entidade beneficiaria con motivo da concesión da subvención ou axuda.

e) En xeral, cando se incumpra algunha das obrigas establecidas nesta orde, na resolución de concesión ou nos demais supostos establecidos na normativa reguladora das subvencións, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, poida ser exixida polos órganos correspondentes da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, os beneficiarios das axudas previstas nesta orde teñen a obriga, consonte o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Con-

tas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Artigo 13º.-Financiamento.

Para a concesión das axudas convocadas nesta orde destinaranse ata un máximo de 600.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.541.D.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible nos citados orzamentos.

De xeito motivado e para os efectos de dar cobertura financeira ao número de solicitudes presentadas poderase acordar, segundo ás disponibilidades orzamentarias do momento, o incremento do crédito inicial establecido nesta convocatoria, tramitando o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, axustándose ao previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-Compatibilidade das axudas.

1. A subvención contida nesta orde é compatible con outras subvencións de calquera administración pública, sen prexuízo de que o importe das subvencións non poderá, en ningún caso, illada ou conxuntamente con outras, superar o custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

2. O beneficiario está obrigado a comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións ou axudas que financien as actividades obxecto desta axuda.

Artigo 15º.-Infraccións e sancións.

1. O réxime de infraccións e sancións, respecto ao establecido nesta orde, é o previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O procedemento sancionador será o establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Delégase no director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 5, consonte o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2009.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**ANEXO I**

PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA O TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA977A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1.- DATOS DA ENTIDADE LOCAL SOLICITANTE

CONCELLO OU ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

E, na súa representación:

O ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN OU ENTIDADE	
NOME E APELIDOS	TELÉFONO

2.- ACEPTO

O compromiso de someterme ás normas da convocatoria e de facilitar a información e documentación que se solicita.

3.- XUNTO

A documentación exixida na convocatoria

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ PRESENTAR

- ☐ CERTIFICADO DO ACORDO ADOPTADO POLO ÓRGANO COMPETENTE DA ENTIDADE LOCAL POLO CAL SE APROBA A SÚA PARTICIPACIÓN NESTA CONVOCATORIA DE AXUDA.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO CONTRATO SUBSCRITO COA SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE OU CON
- ☐ OUTRO XESTOR FINAL DE RESIDUOS DE GALICIA PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE BOLSA NEGRA PRODUCIDOS NO CONCELLO.
- CERTIFICACIÓN DO SECRETARIO DA ENTIDADE LOCAL, CO VISTO E PRACE DO PRESIDENTE, EN QUE SE FAGA
- ☐ CONSTAR A POBOACIÓN DE DEREITO A 1 DE NOVEMBRO DE 2008, SEGUNDO OS DATOS DO ÚLTIMO PADRÓN DE HABITANTES DA ENTIDADE LOCAL.
- ☐ CERTIFICACIÓN EN QUE SE SINALE CAL É A PARROQUIA DO CONCELLO MÁIS AFASTADA DA ESTACIÓN DE TRANSFERENCIA OU PLANTA DE XESTIÓN QUE LLES CORRESPONDA.
- ☐ DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO FIN ANTE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU ENTES PÚBLICOS (ANEXO II DESTA ORDE).

De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoos/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 12 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública unha nova convocatoria de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para o transporte de residuos sólidos urbanos ás estacións de transferencia de residuos ou plantas de xestión.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de 200		

Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n - 15781 Santiago de Compostela

ANEXO II

Don / Dona

, en calidade de alcalde/sa - presidente/a do Concello/ Mancomunidade/ Agrupación de concellos de

, solicitante da axuda da Consellería de Medio Ambiente para o transporte de residuos urbanos, e en relación a outras axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:Axudas concedidas:☐ Non se me concedeu ningunha axuda para este mesmo fin.☐ Si se me concedeu outra axuda para este mesmo fin.

Tipo de axuda

Entidade outorgante

Importe

Data de resolución

Axudas solicitadas:☐ Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo fin.☐ Si solicitei outra axuda para este mesmo fin.

Tipo de axuda

Entidade outorgante

Importe

Data de resolución

Lugar e data

, de de 200

Sinatura e selo